



## RESOLUCION DA ALCALDIA

### ASUNTO: REANUDACIÓN DOS PRAZOS ADMINISTRATIVOS.EXP.2020/X999/000153.

Tras a declaración de pandemia internacional pola OMS o 11 de marzo do presente ano da COVID 19, adoptáronse unha serie de medidas polo Goberno de España ao amparo do Estado de Alarma que afectaron a todos os sectores sociais e económicos así como aos procedementos administrativos co fin de evitar o contaxio e a propagación da enfermidade favorecendo ao illamento e confinamento social.

Neste senso, o venres 13 do mes de marzo adoptouse por esta Alcaldía unha Resolución para paralizar aquelas actividades que poideran dar lugar á transmisión do virus, pechando instalacións públicas municipais e a atención ao público co fin de paralizar a transmisión do virus no menor tempo posible e por ende, producir o menor dano os diferentes sectores afectados. Todo isto na liña transmitida polas autoridades sanitarias estatais e a Xunta de Galicia como administración territorial competente en materia sanitaria.

Así, por Real Decreto Lei 6/2020 de 10 de marzo polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a saúde pública a nivel estatal comenzaron a implementarse actuacións en diferentes senso co fin de paliar esta pandemia e as súas consecuencias económico sociais.

O mesmo venres 13 de marzo, a Xunta de Galicia acordou declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia activando o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, publicándoo no DOG desa data núm. 50.bis.

O 14 de marzo o Goberno de España declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria mediante Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo no que ademais das medidas de restrición da mobilidade e asunción de competencias transferidas, determina a paralización dos procedementos administrativos e dos prazos dos mesmos así como os procesais e a suspensión dos prazos de prescrición e caducidade de accións das entidades do sector público ata o alzamento da declaración do estado de alarma.

O avance no Plan de desescalada no que nos atopamos máis de dous meses despois da declaración do Estado de Alarma e máis de 200 normas tamén, ditadas polo Goberno de España, permite a reactivación da economía, da mobilidade, e das necesidades do cidadán de acceder aos servizos tanto públicos como privados, facendo conveniente facilitar o normal desenvolvemento dos procedementos administrativos e xudiciais.

Neste senso, publícase no BOE de 23 de maio de 2020 a Resolución de 20 de maio de 2020 do Congreso dos Deputados pola que se ordena a publicación do Acordo de Autorización da prórroga do Estado de Alarma declarado polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e o Real Decreto 537/2020 de 22 de maio polo que se prorroga o Estado de Alarma dende as 00:00 horas do día 24 de maio ata as 00:00 horas do día 7 de xuño de 2020.

No punto décimo do acordo do Consello de Ministros de 19 de maio de 2020 adóptase a decisión de derogar a Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e no punto undécimo a derogación da Disposición Adicional 4ª desta norma.

Estas disposicións afectan a suspensión dos prazos e términos administrativos así como os prazos e prescrición e caducidade reanudándose ou reiniciándose o 1 de xuño de 2020 sempre e cando neste último caso así veña disposto nunha norma con rango de lei.

De xeito similar se pronuncian con efectos xurídicos os artigos 9º e 10º do Real Decreto 537/2020 de 22 de maio.



O 17 de marzo de 2020 adoptouse resolución pola Alcaldía desta corporación na que entre outros puntos, no 6º e 8º, resolvíase suspender os prazos administrativos e os procedementos selectivos e contractuais por ende en base ao disposto nas disposicións adicionais citadas e xa derogadas.

O Real Decreto Lei 17/2020 de 5 maio publicado no BOE o 6 de maio, acordou con efectos erga omnes ope legis, na DA 8ª o levantamento da suspensión de términos e interrupción de prazos dos procedementos de contratación, sempre que a súa tramitación se realizase por procedementos electrónicos permitindo o inicio de novos procedementos de licitación.

Por tanto, e conveniente adoptar resolución deste órgano para dar claridade á nova situación procedimental deixando sen efecto tácitamente os puntos citados do Decreto de 17 de marzo (301/2020) con efectos do 1 de xuño de 2020.

A vista do exposto e nas atribucións que me confire nos procedementos administrativos con carácter xeral e de xeito concreto na selección de persoal o artigo 21.1 puntos a), g) e s) da Lei 7/85 de 2 de abril, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Reanudar os prazos e términos dos procedementos administrativos suspendidos, que comezarán a computarse a partir do día 1 de xuño de 2020.

SEGUNDO.- Reanudar os prazos de prescripción e caducidade suspendidos, que comenarán a computarse a partir do día 1 de xuño de 2020.

TERCEIRO.- Adoptar as medidas hixiénicas e de seguridade suficientes de conformidade coas ordes ditadas polo Ministerio de Sanidade aos efectos de continuar e iniciar no seu caso os procedementos de selección de persoal tanto estatutario como laboral comezando a computar de novo os prazos o día 1 de xuño de 2020.

CUARTO.- Dar conta desta Resolución no primeiro pleno ordinario que se celebre.

QUINTO.- Trasladar esta resolución ás diferentes áreas municipais para o seu coñecemento e efectos e publicala no taboleiro de anuncios deste concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario do Concello dou fe.

A Alcaldesa

O Secretario,

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)